



“ E TI... VAS Á ESCOLA?”



FOLLETO INFORMATIVO PARA NAIS E PAIS DE ALUMNADO DE 3 ANOS

O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O ingreso na escola supón para o neno e a nena un gran cambio. Sae dun mundo familiar con códigos establecidos e roles determinados e coñecidos, dun ambiente no que se sente protexida ou protexido, onde é o centro de atención, e introdúcese no ambiente escolar, onde o contemplan, dende outro punto de vista, como alumna ou alumno dentro dun grupo no que se ten que relacionar -en espazos diferentes, cuns materiais e mobiliario diferentes, con outras maneiras de facer e de dicir as cousas, con moitos cambios e novidades na súa vida cotiá- con outras nenas, con outros nenos e con outras persoas adultas que, de momento, non son da súa confianza.

A verdadeira aprendizaxe do período de adaptación é encontrarse e separarse; é compartir experiencias fóra da propia casa con outras persoas distintas, nun marco institucional organizado e seguro e resolvendo situacións de aprendizaxe novas. Chegar por primeira vez a un lugar novo non é fácil para ninguén. Neste proceso de adaptación as nenas e os nenos deben coñecer ese lugar, facelo propio, chegar a gozalo, establecer vínculos de relación... e isto leva o seu tempo, de aí a consideración de sentir o proceso de adaptación como unha necesidade do alumnado.



Cales son os obxectivos do proceso de adaptación?

- Facilitar o tránsito dun espazo familiar ou dunha escola infantil 0-3 a outro espazo escolar diferente con novos tipos de relación.
- Conseguir que a adaptación do alumnado á escola sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.
- Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización temporal diferente e a un mundo relacional distinto.
- Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado (as súas preferencias, o seu desenvolvemento, a súa autonomía, a aceptación de límites...) para mellorar o coñecemento mutuo.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- Xerar relacións vinculares entre nenas e nenos, as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.
- Descubrir o gozo de estar coas outras e cos outros nun ambiente estimulante.



PERÍODO DE ADAPTACIÓN PARA O CURSO 2021/22

O curso iniciárase o 9 de setembro de 2021 e o período de adaptación non se alongará máis alá do 21 de setembro.

Neste momento están sen determinar as quendas e os horarios das mesmas á espera das modificacións na organización dos grupos que haxa que realizar por mor dos protocolos de adaptación ao contexto da COVID-19 para o curso 2021/22.

CONSELLOS A SEGUIR POLAS FAMILIAS QUE FAVORECERÁN O PROCESO DE ADAPTACIÓN:

- Necesitamos a vosa colaboración para axudar a que as nenas e os nenos de 4º de infantil (3 anos) **abandonen o uso de chupetes e biberóns**. Sabedes que a certa idade non son aconsellables xa que deforman o arco dentario e dificultan o bo desenvolvemento da mastigación.
- Espertade a nena ou o neno con tempo abondo para almorzar e vestirse con calma. É mellor non andar ás carreiras.
- Procurade **chegar puntuais**, respectando horarios de entrada para que non perdan dinámicas e rutinas comúns. **Propiciade unha asistencia regular** para lograr unha eficaz integración do alumnado. No caso de que as nenas e os nenos falten, convén avisar e comentar o motivo da falta. Quedar na casa sen un motivo xustifico só demorará e interromperá a súa adaptación.
- É necesario que os nenos accedan ao colexio andando polo seu propio pé (fóra daqueles con necesidades motóricas), evitemos que cheguen en brazos dos adultos ou en cadeiras de paseo. **O entrar andando é un xesto que lles fai protagonistas do camiño que están a facer**.
- Facede despedidas afectivas pero curtas, con tranquilidade, sen mentir sobre a onde imos

ou sobre o tempo que imos tardar en vir, amosando despreocupación e normalidade.

- Non lles prometades o que non se vai cumprir (agora volvo, vou facer un recado e xa estou de volta, agardo aquí fóra...). Tede presente que, se eles perciben engano, non é fácil que volvan a confiar.
- Non acaparedes o profesorado nos momentos de entrada ou de saída, porque deberá ocuparse do seu alumnado.
- Pedímosvos que non realicemos comentarios relativos ás dificultades dos nenos na porta do centro, diante do resto dos nenos/as e outras familias. Eles e elas escóitano todo e, sen querer, podemos prexudicarlles ou ferirlles.
- Non lles presentedes unha imaxe idealizada da escola, para evitar que teña expectativas irreais. Non dicir cousas como: “na escola valo pasar de marabilla, porque alí xogades todo o tempo, e hai moitos xoguetes, e alí facedes...”
- Tampouco usedes a escola como ameaza, como castigo ou como mal menor. Non dicirlles cousas como “xa verás cando vaias ao cole”, ou “mamá ten que ir traballar, así que ten que deixarte...” **A escola é un lugar para aprender, un dereito das nenas e dos nenos independente da situación laboral da súa familia.**
- Recollede as nenas e os nenos con puntualidade para evitar frustracións e desgustos inútiles (os primeiros días fánelles moi longos, pero pouco a pouco irán acostumándose). Neses momentos, acollelos afectuosamente pero obviando as súas queixas e centrándose no que fixeron, nas compañeiras e nos compañeiros... Valorade os traballos que poidan levar a casa, mostrade interese por todo o que aconteceu, facédelles preguntas sobre o profesorado, as compañeiras e compañeiros, etc.
- Amosade seguridade e confianza na escola, aceptade a separación, expresade os sentimentos respecto do proceso e intentade aclarar as dúbidas respecto do profesorado, esas son actitudes que facilitarán moito o entendemento entre familia e escola.
- Potenciade valores como o de compartir, xa que unha aula é unha comunidade onde non

ten sentido a exclusividade.

- Acostumade as nenas e os nenos a cumprir normas e a ter límites na casa de cara á consecución da súa autonomía persoal na escola.

NORMAS XERAIS PARA TODO O CURSO

A.- ENTRADAS E SAÍDAS:

- Nos días previos ao inicio proporcionarévos o horario de entradas e saídas. Prégase puntualidade.
- O alumnado que acuda ao centro acompañado da súa familia e/ou responsable agardarán no portal de entrada acompañados a ser recollidos polo profesorado. Os familiares non poderán acceder ó edificio das aulas de Educación Infantil salvo por autorización expresa dun mestre ou mestra.
- A saída será igual, o profesorado acompañará aos nenos e nenas ao portal onde estarán esperando a súa familia.
- Cando haxa variacións da persoa autorizada para recoller ós nenos e ás nenas, teredes que avisarnos con antelación. A tal fin podeades contactar connosco e identificar á persoa que recollerá ao neno ou nena.
- En caso de que veñades a recoller os vosos fillos/as antes do remate das clases, teredes que cumprimentar un impreso que vos daremos no centro.

B. ROUPA:

- Será cómoda e práctica, que lle permita desenvolverse sen axuda dun adulto, así como poder realizar as actividades propostas sen preocuparse por si se manchan.
- Traerán un mandilón, a poder ser, con botóns grandes e con puños elásticos. Terá que ter unha cinta para colgar no percheiro e o nome en letras maiúsculas na parte dianteira.

- O calzado, mellor con velcro.
- Marcade a roupa co seu nome e a ser posible colocádelle unha cinta ós abrigos, sudadeiras e xerseis para facilitar a autonomía dos nenos, pois serán os encargados de colgalos nas súas perchas.
- Non necesitan grandes mochilas, só unha bolsa de tela para traer a súa merenda, en caso de que traian **mochila debe ser pequena e sen rodas**.

C.-SAÚDE e HIXIENE:

- **Todos os nenos e nenas deberán controlar esfínteres, non se pode vir con cueiro.** Os meses do verán son un período de tempo moi propicio para traballar este aspecto. Ao non contar no centro coa figura do monitor de Ed. Infantil chamarase á familia cada vez que sexa necesario para que realice o cambio de roupa na escola, por iso faise **imprescindible un teléfono de contacto** onde sempre haxa algún familiar.
- **Non traiades o neno ou a nena cando se encontren mal**, con febre, vómitos ou diarrea. Lembraide que quen decide se debe quedar na casa sodes vós.

- **Por norma xeral non se administran medicamentos;** no caso de que necesitara tomar algún medicamento durante as horas de clase, antes deberedes falar con nós.



D.-MATERIAL:

Non traballamos con material elaborado por editoriais así que precisaremos diverso material funxible e non funxible.

Nas reunións que se organicen nos primeiros días de curso, cada respectivo titor ou titora, daravos as indicacións pertinentes a este respecto.

E- CANLES DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN

Ao longo do curso farémosvos chegar información sobre as actividades de clase ou noticias de carácter máis xeral para todo o colexio por medio do **correo electrónico**, da **páxina web** e da

aplicación **AbalarMobil**. Ademais o centro de educación infantil conta con unha liña telefónica propia para que poidades localizarnos directamente, **é o 881866004**.

Temos que pedirvos que por favor sexades moi prudentes coa información que ás veces vos poida chegar dos grupos de mensaxería que compartides con outras nais, pais e familias; debedes saber que **o centro non ten grupo de WhatsApp, Telegram, Messenger, etc, polo que non podemos responsabilizarnos do que neses grupos, totalmente alleos ao centro, se diga ou comente**. Se necesitades información de primeira man, veraz, **acudide sempre como primeira opción á mestra ou mestre**, e logo si é necesario, á directora do centro. Evitemos que os rumores ou as interpretacións a medias poidan distorsionar a realidade dos nenos e nenas, a das familias ou a vida do colexio. Pedímosvos a vosa colaboración.

LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

A Educación Infantil ten como principal finalidade contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual de nenas e nenos en cooperación coas familias e, ademais, sentar as bases para o logro das competencias que se consideran básicas.

Podemos considerar que os ingredientes fundamentais no proceso educativo son o **coñecemento**, os **valores** e o desenvolvemento das **habilidades do pensamento** e da **intelixencia emocional**. Pero estes ingredientes non poden ser transmitidos, teñen que ser construídos. Tendo en conta o exposto, resulta imperativo concibir dunha maneira nova a actuación do docente na aula e a súa relación cos nenos. As opcións metodolóxicas e didácticas propiciarán que o noso traballo atenda o afectivo, o social, o cognitivo e o persoal.

A metodoloxía estará orientada a desenvolver, desde idades temperás, as habilidades de observar, indagar, resolver problemas, formular hipóteses, poñer a proba as súas ideas previas,


deducir, extraer conclusións..., para aprender e construír os seus propios coñecementos. En definitiva, partir dunha visión da aprendizaxe que outorga prioridade á **construción persoal** e ao desenvolvemento dos **valores** e das **actitudes**.

Os aspectos básicos desta visión podemos resumilos desta forma:

- As aprendizaxes dependen dos **coñecementos previos**: aceptar o punto de partida co que os nenos chegan ao centro escolar e respectar as súas motivacións, concepcións e sentimentos.
- A aprendizaxe debe estar **centrada no alumno**: propiciar que, a partir dos seus coñecementos, os nenos constrúan significados.
- Encontrar **sentido ás súas aprendizaxes**: supón establecer relacións, romper estruturas cognitivas para reeloralas e/ou substituílas ao entrar en contacto con novas experiencias de aprendizaxe. É dicir, unha aprendizaxe significativa.
- Aprender é **construír activamente significados**: o importante das actividades que se realicen é como unilas ás construcións que xa posúe o neno. Respetaranse, polo tanto, os tempos e niveis evolutivos dos nenos, establecendo unha secuencia adecuada ao seu propio proceso de construción persoal.
- Traballar de forma contextualizada e integral un **conxunto de conceptos, procedementos e actitudes**, cuxo obxectivo é a adquisición duns coñecementos básicos que faciliten a comprensión do mundo natural, social e cultural. É importante ter sempre presente que os procesos de desenvolvemento e aprendizaxe infantil teñen un carácter integral e dinámico baseados na interacción de factores internos (biolóxicos, psicolóxicos) e externos (sociais e culturais).
- Traballar desde unha **perspectiva globalizadora**. A aprendizaxe non se produce pola suma ou acumulación de coñecementos, senón establecendo relacións entre o novo e o xa sabido,

experimentado o vivido. É, pois, un proceso global de achegamento do individuo á realidade que quere coñecer e que será máis positivo cando permita que as relacións que se establezan e os significados que se constrúan sexan amplos e diversificados.

- Compartir **coa familia** o labor educativo, completando e ampliando as súas experiencias formativas. A eficacia dun programa depende en gran medida da unidade de criterios educativos nos distintos momentos da vida do neno: na casa e no centro. Para que isto sexa posible, é necesaria a comunicación e coordinación entre educadores e pais. Para favorecer este aspecto propomos actividades e experiencias compartidas.



**En nome de todo o equipo de profesorado de educación infantil,
benvidos ao centro e esperamos contar coa vosa colaboración.**

CEIP A MAÍA - Curso 2021/22

